



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 18 de xaneiro 2024

Manuel Campo Vidal falaralle ás adegas da D.O. Ribeira Sacra da dixitalización das empresas no rural

O **Centro do Viño da Ribeira Sacra** acolle o luns, **22 de xaneiro**, a partir das **17:00h.** unha xornada informativa para dar a coñecer os servizos de Hispasat en canto a dotar de alta velocidade ao rural. O encontro celébrase co título *“Unha oportunidade de conectividade de alta velocidade no rural”*.

“Trátase dun servizo sen custe de instalación a un prezo moi competitivo que pode axudar a moitas adegas a dar o salto á dixitalización. Unha solución de colectividade, por iso organizamos esta xornada”, asegura o **Presidente da D.O.Ribeira Sacra, Antonio Lombardía**, que será o encargado de presentar ao conferenciante da xornada, **Manuel Campo Vidal**, que como **director da Cátedra de Despoboamento e Reto Demográfico**, **ofrecerá a conferencia, “As oportunidades da dixitalización de empresas no mundo rural”**.

Iago Campo, Director de Celver Telecomunicacións ofrecerá *posteriormente unha charla de carácter práctico para coñecer “A solución inmediata que aporta o satélite Hispasat”, proxectarase un vídeo sobre a aplicación e garantías de funcionamento. Dará conta de experiencias reais como a do concello de Toén en Ourense e adegas do Ribeiro.* A xornada rematará con sesión de diálogo aberto.

“Acompañaranos nesta xornada o xornalista, Manuel Campo Vidal persoa moi implicada no que se vén en chamar a España baleirada e implicada en atopar solucións para reverter este fenómeno”, convida Antonio Lombardía á participación das adegas.

Manuel Campo Vidal é Licenciado en Xornalismo e Doutor en Economía Aplicada. Na actualidade é Director Xeral e Conselleiro Delegado da Produtora Lua Multimedia, Presidente da Escola de Negocios Next International Business School, onde dirixe o Master en Comunicación Avanzada e Marketing Dixital, Director do Instituto de Comunicación Empresarial e Director da Cátedra de Despoboamento e Reto Demográfico.

